



I MINI OLIMPIADA GALEGA DE QUÍMICA para 3º e 4º da ESO



I MINI OLIMPIADA GALEGA DE QUIMICA DE 3º E 4º ESO (Curso 2007-08)

Organiza: **Comisión de Ensinanza do Colexio de Químicos de Galicia.**

Colaboran:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Convócase a **I MINI OLIMPIADA GALEGA DE QUIMICA PARA ALUMNOS DE 3º E 4º DE ESO**, da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo obxectivo final é promover o ensino e a aprendizaxe da Química a través da resolución de problemas e a contestación de cuestionarios sobre os aspectos máis relevantes contidos nos programas de 3º e 4º de ESO.

BASES

1. Participantes.

- Poden participar todos os estudantes dos centros educativos de Galicia matriculados en 3º e 4º de ESO durante o curso escolar 2007/08.
- A efectos territoriais establécense oito zonas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, en cada unha das cales haberá unha sede.
- Esta Mini Olimpíada esta dirixida a todo o alumnado de 3º e 4º curso de ESO dos centros públicos e privados de Galicia. Cada Centro poderá presentar á Fase de Zona tres participantes por cada unha das súas unidades (grupos-clase) de 3º e 4º de ESO.
- Os centros que desexen participar formalizarán, antes do 10 de marzo, a súa inscrición, mediante o formulario incluído na páxina web do Colexio de Químicos de Galicia (www.colquiga.org), ou comunicándoo por correo electrónico (secretaria@colquiga.org) indicando o número de grupos de 3º e 4º de ESO que van participar e o profesorado responsable desta participación.
- A comunicación da Organización cos participantes realizarase, a través do correo electrónico.
- Para calquera comunicación coa organización utilizarase o correo electrónico: secretaria@colquiga.org.

2. Comité Coordinador:

- O Comité Coordinador está constituído preferentemente por membros da Sección de Ensino do Colexio de Químicos de Galicia.
- En cada zona constituirase un Comité encargado de orientar a Fase de Centro e de organizar a Fase de Zona.
- O Comité Coordinador nomeará o xurado da Fase Galega Final.

3. Fases da Olimpíada:

A Olimpíada constará de tres fases.

3.1 Fase de Centro.

- Esta fase ten lugar en cada Centro, que debe pór en marcha, o proceso de ensino e a aprendizaxe da Química a través da resolución de problemas e a contestación de cuestionarios sobre os aspectos máis relevantes contidos nos programas de 3º e 4º de ESO entre o seu alumnado, ao final do cal enviarán á Fase de Zona como máximo tres representantes por cada un dos grupos de 3º e 4º da ESO.
- Antes do 4 de abril do 2008, cada centro comunicará os nomes dos participantes cubrindo a ficha que figura na páxina web do Colexio de Químicos de Galicia (www.colquiga.org), ou remitindo por correo electrónico a ficha que se achega (secretaria@colquiga.org).

3.2 Fase de Zona.

- A efectos territoriais designaranse oito zonas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.
- Cada Centro participará na Zona que estime mais conveniente procurando que os desprazamentos dos alumnos sexan o máis reducidos posible.
- A proba terá lugar o venres, día 25 de abril, ás 10:30 h en todas as sedes. O lugar de celebración desta fase comunicárase oportunamente aos centros participantes.
- A proba consistirá na resolución individual de 5 problemas, os mesmos en todas as sedes e a contestación dun cuestionario de 20 preguntas.
- Os participantes achegarán o material que consideren necesario para a resolución das probas (bolígrafos, calculadora, táboa periódica,...), xa que só se lles facilitará papel DIN-A4.
- Os gastos de desprazamento correrán a cargo dos participantes.

3.3 Fase Final.

- O obxectivo desta xornada é ter un día de convivencia, durante o cal realizaranse as probas individuais, xunto con outras actividades de carácter máis lúdico.
- A esta fase final acudirán 40 participantes, seleccionados da seguinte forma:
 - a) os tres primeiros de maior puntuación en cada Zona,
 - b) complétase a lista ata 40 coas mellores puntuacións restantes.
- Esta Fase terá lugar o día 23 de maio en Santiago de Compostela, segundo o horario que se achega.
- A organización desta fase corre a cargo da Sección de Ensino do Colexio de Químicos de Galicia, coa colaboración de Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa dá Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- O Xurado da Fase Final encargarse da
 - a) preparación dos exercicios,
 - b) valoración das probas, e
 - c) designación dos gañadores.
- O fallo do Xurado será inapelable.
- A corrección das probas realizarase asegurando tanto o anonimato de cada participante, como o do centro de procedencia.
- En ningún caso farase público a puntuación obtida por cada participante.
- Os gastos de desprazamento para participar na Fase Final correrán a cargo dos participantes.
- Entregarase un diploma acreditativo a todos os participantes da Fase de Zona e da Fase Final.

Nota: A interpretación das presentes bases correspóndelle ao Comité Coordinador.

DATAS A RECORDAR			
DATA	HORA	TAREFA	OBSERVACIÓNS
10 de Marzo		Fin do prazo para a inscrición dos Centros	Os Centros deberán indicar cantas aulas de 3º e 4º participan e cal é o profesorado responsable das mesmas.
4 de Abril		Fin do prazo para a inscrición dos alumnos	Os Centros deberán comunicar o nome dos asistentes á Fase de Zona, cubrindo cada alumno a ficha correspondente.
25 de Abril	10:30	Realización das probas da Fase de Zona	Comunicarase no seu momento os Centros onde se realizarán.
7 de Maio		Publicación da relación dos alumnos que pasarán á Fase Final	
23 de Maio	11:00	Fase Final da I Mini Olimpíada Galega de Química	

c/ Urzaiz 1, 2º-Dcha.
 36201-VIGO (Pontevedra)
 Tlf.:986-437-915 Fax:986-220-681
correo-e:secretaria@colquiga.org
comision.ensinanza@colquiga.org



Información completa pódese consultar na páxina: <http://www.colquiga.org>